

## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela  
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371  
E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)  
Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

José Antonio Meizoso Paz (1 para 2)  
Secretario-Interventor  
Data de Sinalatura: 13/02/2019  
HAS: P. 363308548231676438294c69800bc685

### ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE FEBREIRO DE 2019

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ

##### CONCELLEIROS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO  
D. EMILIO RIOBO PIÑÓN  
D. JAIME BARCIA RODRIGUEZ  
Dna. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN  
D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO  
D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTIN  
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

##### SECRETARIO:

D. JOSE ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesións desta Casa do Concello da Capela (habilitada), provincia da Coruña, sendo as oito horas e trinta minutos do día trece de febreiro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres/as. Concelleiros/a que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión a Concelleira Dna. Laura Piñeiro Montes.


Manuel Meizoso López (2 para 2)  
Alcalde  
Data de Sinalatura: 13/02/2019  
HAS: P. 174420852701930082c5c724419c7268a

#### I.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que a urxencia da sesión ven motivada pola necesidade de debater e aprobar se é o caso a cesión de uso do local do baixo da Casa Sindical para destinala a actividade de Casa Niño, xá que a peticionaria, que foi subvencionada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, dispón só dun prazo de dous meses para a realización das obras e conseguinte posta en actividade da Casa Niño.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión ratifica a urxencia da sesión.





## **CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

### **II.- LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 13 DE DECEMBRO DE 2018. APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trece de decembro de dous mil dezaoito.


Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres./a. Concelleiros/a. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

### **III.- CESIÓN DE USO GRATUÍTO A DNA. LAURA CANCIO VALCARCE DO BAIXO DA CASA SINDICAL PARA A ACTIVIDADE DE CASA NIÑO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da solicitude formulada por Dna. Laura Cancio Valcarce para a cesión de uso a título gratuito do baixo do inmovible da denominada Casa Sindical, propiedade do Concello da Capela.

A solicitante resultou beneficiaria dunha subvención da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para a posta en marcha dunha Casa Niño no Concello da Capela. Considérase por esta Alcaldía o proxecto como de utilidade pública e interés xeral para o Concello da Capela, polo que se propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:





## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

**Primeiro:** Autorizar a cesión de uso a título gratuito do baixo do inmovible denominado "Casa Sindical" propiedade do Concello da Capela para desenvolver a actividade de Casa Niño a Dna. Laura Cancio Valcarce.

**Segundo:** Aprobar o convenio que instrumenta a mencionada autorización da cesión de USO.

**Terceiro:** Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio de referencia.

**Cuarto:** Notificar o presente acordo a Dna. Laura Cancio Valcarce.


Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo díse que o seu Grupo Municipal non ten nada que obxectar o acordo de cesión e que o interesante é que se firme canto antes o convenio para empezar as obras e para a posta en marcha e conseguinte funcionamento da Casa Niño.

Remata a súa intervención o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo manifestando que sería interesante para o Concello da Capela que alguen se animase a facer tamen un proxecto de casa de maiores.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy díse que está de acordo coa cesión de uso do local para a actividade de Casa Niño e que é unha bágoa que non houbera xente na Capela que solicitara este programa da Xunta de Galicia e que tivera que vir xente de fora do Concello a facelo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:





## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@acapela.es](mailto:correo@acapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

---

**Primeiro:** Autorizar a cesión de uso a título gratuito do baixo do inmovible denominado "Casa Sindical" propiedade do Concello da Capela para desenrolar a actividade de Casa Niño a Dna. Laura Cancio Valcarce.

**Segundo:** Aprobar o convenio que instrumenta a mencionada autorización da cesión de uso.

**Terceiro:** Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio de referencia.

**Cuarto:** Notificar o presente acordo a Dna. Laura Cancio Valcarce.

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as oito horas e corenta e seis minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 2016 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz.

